

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

OFICIO



s/ref.: Solicitud de informe con data 05.07.2013  
n/ref.: SATM / 13REpxAPI ofc  
Asunto: remisión de acordo adoptado sobre informe sectorial

En resposta á súa solicitude, envíolle a certificación do acordo que adoptou a Xunta de Goberno desta Deputación na sesión ordinaria do 14 de agosto de 2013, relativo ao informe sectorial que se emite por esta Administración sobre o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ARES.

A Coruña, 16 de setembro de 2013

O presidente



Diego Calvo Pouso

ALCALDE DO CONCELLO DE ARES

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA  
REXISTRO XERAL  
21 SET 2013  
SAÍDA B.º -33211



**DONA M<sup>a</sup> AMPARO C. TABOADA GIL, SECRETARIA ACCIDENTAL DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**CERTIFICA:** Que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día catorce de agosto de dous mil trece, aprobouse o seguinte:

**“9.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN  
MUNICIPAL DE ARES**

**ANTECEDENTES**

Coa data 05.07.2013 entrou no Rexistro Xeral desta Administración a solicitude de informe sobre o proxecto referido, que foi dilixenciada directamente ao Servizo de Vías e Obras sen intervención previa deste servizo.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1.O informe que se solicita está previsto no art. 86 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no art. 15.4 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia e no art. 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas.

2.O Servizo de Vías e Obras (informe do 24.07.2013), no que atinxe aos respectivos intereses sectoriais desta Deputación, considera que non existe inconveniente ningún para a aprobación desde instrumento, salvando determinadas observacións que procede incorporar literalmente no informe en cuestión.

O presidente da Deputación da Coruña é competente para resolver sobre este informe, segundo dispón o art. 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, estando esta atribución delegada na Xunta de Goberno por Resolución do 26 de xullo de 2011.

De acordo con todo o indicado, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (SATM) propón que se adopte o seguinte ACORDO:

1.Emitir un informe sectorial favorable ao “Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ares”, con referencia exclusiva aos intereses patrimoniais ou de competencia viaria de carácter provincial, sen facer pronunciamento ningún sobre a súa oportunidade ou axuste á legalidade e condicionado a que se integren as seguintes observacións que efectúa o Servizo de Vías e Obras:

“””

Esta Deputación ten catalogadas e clasificadas as estradas da súa dependencia, que discorren polo termo municipal de Ares, seguintes:



- Dentro da Rede Primaria Provincial, asimilada á Rede Primaria complementaria definida no artigo 10.3 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia:

DP 0401 Ares a Redes

- Dentro da Rede Secundaria Provincial:

DP 0402 Ares a Chanteiro

DP 0403 Cervás ao Baño

Revisada a documentación, no que afecta á Rede Provincial de Estradas, especialmente no relativo ás aliñacións establecidas:

1. Canto ás vías de titularidade desta Deputación, no que respecta a zonas sen establecemento de aliñacións, haberá de incluírse a seguinte condición: "Os peches haberán de situarse fóra da zona de servidume da estrada, a unha distancia mínima de 8 m do eixo desta, e executaranse de tal forma que a franxa de terreo comprendida neses 8 m poida explanarse a cota da estrada sen que o peche que se ha executar se vexa afectado. A tipoloxía, dimensións e materiais do peche haberán de axustarse ao indicado na normativa do presente plan ou, na súa falta, ao indicado na lexislación correspondente". De existir aliñacións haberá de condicionar a construción de peches ou calquera outro elemento á posterior explanación do terreo entre aliñacións a cota do viario sen que eses se vexan afectados.

2. Nos artigos 96 e 97 da normativa do plan proposto, indícase que as aliñacións nos núcleos rurais serán definidas en plans especiais de mellora do núcleo rural, adoptándose unha ordenanza transitoria cuxas aliñacións, dise, están grafadas nos planos. Consultados os planos de ordenación, non se detectan tales aliñacións, observándose soamente a delimitación do sistema xeral viario ao paso polos citados núcleos, que, aínda que non se atopa acoutado, o espazo destinado ao mesmo apréciase notoriamente insuficiente.

3. Este servizo entende que co obxecto de lograr unha maior claridade e transparencia no plan, no que respecta ás estradas provinciais, as aliñacións deben ser fixadas no plan de ordenación, e non remitir a súa definición a posibles futuros plans especiais de mellora establecendo unha ordenanza transitoria sen claridade na súa definición. En todo caso, o ancho mínimo entre aliñacións nas vías provinciais haberá de ser de 16 m. Este ancho xeral de 16 m poderá reducirse, soamente, en casos que deberán xustificarse (liñas de edificación consolidadas, existencia de edificacións con valor patrimonial), sempre e cando se trate de zonas puntuais, e se conserve un ancho mínimo de 10 m, mantendo un trazado que garanta as suficientes condicións de visibilidade e seguridade. Así mesmo, naquelas zonas urbanas consolidadas, no que as estradas provinciais constan de beirarrúas e zonas de aparcadoiros e nas que existen liñas de edificación consolidadas, as aliñacións poderanse axustar aos viarios existentes.

4. Deberán modificarse, de acordo ao establecido nos dous puntos anteriores, as distancias establecidas para as liñas de peche (aliñacións) no artigo 43 da normativa.

5. Existen, nesta Deputación, os seguintes proxectos aprobados de mellora das estradas DP 0401 Ares a Redes e DP 0402 Ares a Chanteiro:

- Senda peonil na estrada DP 0401 Ares a Redes.
- Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro (Ares) Fase-I
- Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro (Ares) Fase-II

O plan haberá de prever a futura execución das obras correspondente aos citados proxectos.

6. A glorieta prevista na estrada DP 0402 Ares a Chanteiro dentro do S.X.V.-13, no Plano de ordenación do solo urbano de Ares (plano nº4, follas 1 de 7) deberá redefinirse, centrándoa sensiblemente na estrada provincial, debendo atenderse ás adecuadas condicións de trazado recollidas nas recomendacións técnicas sobre deseño de glorietas para a súa correcta localización e para a reserva de solo necesario para a súa execución e dos viarios de acceso.

7. Haberá de incluírse, no presente plan, a seguinte determinación de carácter xeral, no que respecta ás estradas provinciais:

"Todas as estradas poderán ser obxecto de mantemento, perfeccionamento ou modificación nas súas condicións de trazado, seccións e rasantes, en toda unha área de protección que se corresponderá con parte da área de afección (definida segundo art. 29 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia) que resulte delimitada para cada ordenanza das distintas clases e categorías de solo, polas seguintes zonas ou aliñacións mínimas obrigatorias:

- Solo rústico: área comprendida entre as zonas de afección, incluídas estas (de acordo ao estipulado no art. 33 da Lei 4/1994).
- Solo urbanizable: área comprendida entre as zonas de afección, incluídas estas (de acordo ao estipulado no art. 33 da Lei 4/1994); agás que se delimite un ámbito menor entre aliñacións sinaladas mediante ordenación pormenorizada de todo o sector, respectando, como mínimo, a superficie comprendida entre ambas as liñas de edificación (segundo o disposto no art. 35 da Lei 4/1994).
- Solo de núcleo rural: área comprendida entre as aliñacións definidas nos planos de ordenación e aquela área fóra destas aliñacións necesaria para a realización de movementos de terra para a execución das obras de urbanización entre aliñacións.





- Solo urbano non consolidado: área comprendida entre as liñas de edificación (segundo o disposto no art. 35 da Lei 4/1994), excepto en tramos limitados mediante ordenación pormenorizada no que se sinale outras aliñacións, respectándose a sección mínima de 16 m (establecida para o viario principal polo art. 48.2 da Lei galega 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).
- Solo urbano consolidado: área comprendida entre as aliñacións sinaladas nos planos de ordenación, respectando a sección mínima de 16 m (establecida para o viario principal polo art. 48.2 da Lei galega 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia)."

Por mantemento, perfeccionamento ou modificación de estradas -con incidencia para os efectos de expropiación ou imposición de servidumes en relación cos terreos ou demais elementos que resultasen afectados- entenderase todo tipo de obras e instalacións necesarias ou convenientes para a prestación do servizo nas mellores condicións de funcionalidade e seguridade viaria; como, por exemplo, as seguintes:

- consolidación, acondicionamento, ensanche, complementación, rectificación de trazado, desdoblamento, etc. (incluíndo execución de movemento de terras, explanacións, afirmados básicos, muros de contención, noiros, bermas, túneles, viadutos, cambios de sentido, carrís de incorporación ou freado, carrís para bicicletas, gabias, glorietas e outros illotes á marxe dos espazos de circulación, medianas e outros elementos de separación ou protección, beiravías, beirarrúas, sendas e pasarelas peonís, pavimentación e outros tratamentos superficiais, pintado, resaltes ou lombos e outros elementos reguladores, pasos de peóns, etc; configuración distinta das interseccións ao mesmo ou distinto nivel e dos accesos desde os dominios públicos ou privados; etc.)
  - colocación de paneis informativos, semáforos e outra sinalización, instalación aérea ou subterránea de redes de servizos e doutras infraestruturas (iluminación pública, antenas de comunicación, instrumentos de medición ou control de tráfico, etc), disposición de barreiras de protección acústica, dotación de morróns, marquesiñas e outro mobiliario, plantación de especies arbóreas e de xardinería, emprazamento de esculturas e outros elementos artísticos, etc.
  - dotación de paradas de transporte público, aparcadoiros, estacións de servizo, áreas de descanso e outros equipamentos relacionados co servizo viario, etc.
  - etc."
2. Darlle conta do presente acordo ao alcalde de Ares."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente por orde e co visto e praxe do Presidente da Deputación da Coruña, sendo tres de setembro de dous mil trece.

Vº e Pr.

O presidente

